



A Coruña, 11 de outubro de 2024

O Director Xeral do Centro, en conformidade co disposto na lexislación vixente e no procedemento electoral para a elección dos representantes dos distintos sectores no Consello Escolar, acorda, atendendo ao disposto na Resolución do 10 de setembro de 2024, da Secretaría Xeral de Educación, a celebración de **eleccións** co obxecto de proceder á **renovación parcial do Consello Escolar** ao longo dos meses de outubro e novembro de 2024.

Con tal fin, **comúnícase** que o día 18 de outubro ás 12:15 horas, na sala de xuntas, procederá a celebrar **o sorteo público para a designación dos membros da Xunta Electoral** que deben ser designados por sorteo.

A Xunta Electoral ten como competencias:

1. Aprobar e publicar os censos electorais.
2. Concretar o calendario e o horario das votacións.
3. Ordenar o proceso electoral.
4. Aprobar os modelos de papeletas electorais.
5. Admitir e proclamar as candidaturas.
6. Promover a constitución das mesas electorais.
7. Resolver as reclamacións que se presenten contra os acordos das mesas electorais e da propia Xunta.
8. Proclamar as candidaturas elixidas.
9. Remitir as actas á Xefatura Territorial da Consellería de Educación.
10. Reclamar do Titular a designación de 3 representantes no Consello Escolar.
11. Reclamar da Asociación de Nais e Pais o seu representante (cando corresponda).

Acórdase tamén publicar no taboleiro de anuncios do Colexio as normas de procedemento aprobadas polo Equipo Directivo do Centro e toda a información referida a estas eleccións, así como publicar a data de **Constitución da Xunta Electoral** para o día **24 de outubro ás 17:00** horas na sala de xuntas do Centro.

Asdo. Alberte Velo Miranda
Director

